



A Rede RIES avanza

Seguimos a traballar en novas propostas



Páxina web da Rede RIES: <http://redries.usc.es>

A Rede RIES segue a consolidarse na investigación da área das Ciencias Sociais e Xurídicas.

Froito do traballo conxunto dos Grupos que a integran naceu no pasado mes de maio a nova páxina web da Rede (redries.usc.es). Nela dase conta da produción científica, editorial e formativa dos seus membros.

Preténdese asemade, que sexa unha fiestra a todo aquel que queira formar parte activa neste proxecto, achegando unha ferramenta de traballo dinámica, flexible e colaborativa que nos permita o intercambio de información e experiencias, mellorar a nosa formación e a transferencia de coñecemento e boas prácticas no noso eido principal de traballos e mesmo noutros relacionados.

Con este fin, existe a posibilidade virtual de inscribirse como membro externo da Rede para todos aqueles que o desexan (colaboradores/amigos).

Xustamente, dende a Rede lanzouse un concurso para a selección de materiais RIES, co obxecto de por en valor o traballo que se está a facer nos centros educativos. O prazo de admisión de materiais remata o día 30 do mes de xuño.

*Existe a
posibilidade de
inscribirse na Rede
como membro
externo* ”

SUMARIO

PÁXINA 2

Editorial

PÁXINA 3

Entrevista ao reitor Salustiano Mato de la Iglesia (UVigo)

PÁXINA 6

Experiencia Investigadora

Os medios na práctica docente do especialista en Educación Musical en Galicia

PÁXINA 9

Experiencia Educativa

PROXECTO ARCE: "Abriendo puertas, acercando distancias"

PÁXINA 14

Accións da Rede

PÁXINA 15

Novidades Editoriais

PÁXINA 17

Vindeiras actividades da Rede

PÁXINA 18

Novidades Legislativas



EDITORIAL

CRISE MIGRATORIA E FLUXOS MIGRATORIOS: XESTIONAR A INCERTIDUME

Hai anos, nun Congreso celebrado en Barcelona sobre a formación de cidadáns europeos, un célebre intelectual invitado ao evento contestou do seguinte xeito a unha das miñas preguntas, un tanto inocente, sobre o porvir despois de tanta ruína como a vivida no vello continente durante o século XX: a historia, dixo, non é en absoluto irreversible, por máis que muden os contextos, cambien os seus protagonistas principais ou se alteren as condicións da súa conflitiva dinámica e a súa inexorable dialéctica.

Tal vez sirvan estas palabras a propósito das difíciles circunstancias ás que, con criterio incerto e a moral quebrada, tentamos facer fronte nun tempo de grandes incertidumes en todos os ámbitos da vida individual e colectiva.

Sen dúbida, as migracións amosan unha das caras máis singularmente preocupantes do actual panorama, poñendo rostro aos miles, e aínda millóns, de homes e mulleres atrapados na espiral duns desequilibrios financeiros que, unha vez máis, desestabilizan unha existencia de mínimos a base de sucesivas renuncias e abócalles, xunto a outros en semellante posición, a situacións de auténtico risco de exclusión en países que crían seguros e con cotas de benestar inexpugnables.

O que está a acontecer en boa parte de Europa e, particularmente, en España, debería servirmos de lección sobre os perigos dun crecemento económico baseado en fráxiles piares e unha diminuída intelixencia grupal a vulgar pola atención prestada ás políticas e aos programas de integración ou, se se prefire, de inclusión de persoas e familias chegadas doutras latitudes coa esperanza de labrarse un futuro para elas e a súa descendencia. Non foi tanto unha

cuestión de cartos como de miopía na avaliación realizada desde as institucións, e unha parte da sociedade civil, á hora de reclamar máis consenso pragmático ante a evidente necesidade de xestionar os retos demográficos, económicos e socioculturais que o tránsito secular foi agudizando ao noso redor.

Aínda así, o éxodo que deriva dunhas estatísticas sobre (des)emprego francamente escandalosas, non está a acadar a magnitude que cabería presaxiar, posto que o alcance dos efectos non se limitan, nin moito menos, aos convencionalmente chamados “inmigrantes” (subindo, pese a todo, dos cinco millóns no territorio español). Tamén acada, en crecente proporción, a miles de autóctonos (mozos titulados e profesionais con acreditada experiencia en diferentes ramas de actividade) que nin por asomo tiñan planeado un proxecto migratorio, máxime cando o espellismo da crecida económica a todos nubrou a visión nun país delicado de memoria e sempre disposto á recorrencia dos seus relatos migratorios polo mundo adiante.

A hora presente é complexa e deparará máis sacrificios dos que xa nos está tocando experimentar. Con todo, o escenario non é o mesmo que o dos nosos avós, por máis que debamos tomar nota do que verdadeiramente importa para saír adiante e non incorrer en rancias equivocacións. Ademais, a tecnoloxía e, de modo específico, as redes sociais representan un punto de inflexión e marcan diferenzas nos patróns de comunicación que, dun xeito ou outro, tamén afectan, aquí e agora, aos fluxos migratorios. E aínda que se trate dunha realidade virtual, dixitalmente ampliada, debemos aprender a manexala en favor de proxectos que conecten máis ás

persoas e as animen a buscar sendas de co desenvolvemento desde todas as esferas do coñecemento; ou desde sinxelos intercambios apoiados en sólidas experiencias de axuda e cooperación en perspectiva comunitaria.

Que as turbulencias nos inquieten é algo perfectamente lóxico na travesía global que cada un sinte no seu estacionamento local. Sen embargo, o máis perigoso non é o temor de cada suxeito, senón a perda de confianza sistémica, que para o caso sería como a xénese dun profundo escepticismo ou a mesma incapacidade de representar as migracións como a grande metáfora da viaxe en pos de máis liberdade e equidade entre os seres humanos.

Coa conciencia máis alerta que nunca, os que formamos a Rede RIES tentaremos ampliar o noso poder de convocatoria a fin de continuar contribuindo a poñer en valor pedagóxico o seu epicentro temático, pensando nun tipo ideal de sociedade intercultural.

Miguel Anxo Santos Rego

Coordinador Xeral da Rede RIES
Universidade de Santiago de
Compostela

SALUSTIANO MATO DE LA IGLESIA

REITOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO



Doutor en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela en 1986, é dende o ano 2000 catedrático de Zooloxía do "Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal" da Universidade de Vigo, institución da que foi Vicerreitor de Investigación dende 1998 ata 2005.

A finais de agosto de 2005, Salustiano Mato foi elixido Director Xeral de I+D+i da Xunta de Galicia, cargo que ostentou deica maio de 2009. No ano 2010 foi elixido Reitor da Universidade de Vigo, cargo que ostenta na actualidade.

- Cal pensa vostede que é o estado actual da investigación nas ciencias sociais e xurídicas?

Nunha universidade cun marcado carácter tecnolóxico e científico como a nosa, o ámbito xurídico social ocupa un lugar certamente destacado, tanto no que se refire á docencia, como á investigación. Así, no curso 2011-2012 estanse a impartir, nos tres campus da Universidade de Vigo, 15 graos, unha vintena de mestrados e unha decena de programas de doutoramento neste ámbito, o que pon de manifesto o peso específico que acada dentro do noso programa de estudos.

Outro tanto sucede coa actividade investigadora, que suma un total de 84 grupos que teñen ou ben un investigador principal ou algún membro do ámbito xurídico social. Estes máis de 80 grupos representan o 32% do total de grupos de investigación que traballan neste intre na Universidade de Vigo e que suman 260. A esta actividade propia dos grupos de investigación cómpre sumar as teses deste ámbito lidas no último ano na nosa

institución e que chegaron ás 29, o que supón case o 26% do total.

- Como ve a vinculación da Universidade cos centros educativos e a sociedade civil?

A Universidade de Vigo realiza desde hai anos un traballo constante orientado a manter e incrementar a súa presenza, non só nas contornas na que se insire: as cidades de Vigo, Ourense e Pontevedra, senón tamén nos contextos autonómico, estatal e internacional. Para nós é unha prioridade estar ao servizo da sociedade da que formamos parte achegándolle todo o noso potencial académico e investigador, unha obriga que cobra, se cabe, maior importancia, nun contexto de crise como no que nos atopamos.

Proba dese labor que desenvolvemos é, por unha banda, no caso dos centros educativos, o intenso contacto que mantemos co seu alumnado e profesorado coa finalidade de darlles a coñecer a nosa oferta educativa de xeito que a Universidade de Vigo sexa para

eles un referente á hora de encamiñar a súa traxectoria académica.

No que respecta á sociedade civil, a Universidade mantén un papel activo con accións concretas que acreditan que forma parte dela. Tal é o caso da transferencia que á sociedade realizamos do noso labor investigador; os convenios asinados con institucións, entidades e asociacións coa finalidade de artellar estratexias comúns; as cátedras formalizadas con empresas e entidades e as decenas de iniciativas nas que a Universidade está presente ou ás que presta o seu apoio. Estas accións teñen moito que ver con fabricar futuro e non vivir na comodidade, sobre todo nunha situación de crise como a actual.

- Cal é o papel da Universidade coas migracións e que actuacións se poden destacar da Universidade de Vigo neste aspecto?

A Universidade non pode permanecer allea a este fenómeno, xa que historicamente Vigo tivo un papel determinante neste fenómeno como punto de partida dos galegos cara á diáspora.

“Para nós é unha prioridade estar ao servizo da sociedade da que formamos parte”

Co tempo, Vigo pasou de ser un punto de orixe a converterse nun punto de destino da emigración, fundamentalmente orixinada no cono sur e na África subsahariana. Actualmente, a tendencia estase a volver a invertir como consecuencia da crise económica, afectando a todos os grupos sociais e niveis de formación, mesmo aos egresados da nosa Universidade, que participa activamente en todos os foros vinculados á emigración na nosa contorna social máis próxima. Asemade, dentro da comunidade universitaria desenvólense diversos proxectos de investigación e de cooperación educativa que teñen como temática as migracións nas súas múltiples facetas: económica, social, antropolóxica...

- Cal é a situación dos estudantes inmigrantes na Universidade de Vigo e que importancia ten a súa presenza?

Vivimos nun mundo globalizado no que o alumnado inmigrante contribúe á internacionalización de toda a comunidade universitaria, entendendo por internacionalización a creación dunha cultura que permite aprender a vivir localmente pero cunha visión global.

A interacción cos estudantes chegados de fóra permite coñecer outras culturas e outras visións da realidade, polo que contribúe de xeito significativo á formación integral dos universitarios. Os inmigrantes, xunto con outros alumnos e docentes internacionais de intercambio de programas como Erasmus ou ISEP, son unha peza fundamental no proceso de internacionalización dos nosos propios estudantes.

Para favorecer a incorporación de alumnado estranxeiro á nosa universidade, a institución conta con diversos programas e bolsas orientadas a aquelas persoas interesadas en cursar algunha das nosas titulacións.

- A cooperación entre países, institucións e centros de todo o mundo, creación de redes internacionais e a promoción da mobilidade de estudantes e profesores é unha cuestión a ter moi en conta neste mundo tan globalizado. Está a Universidade de Vigo nesta liña?

A nosa institución ten asinados máis de 400 convenios bilaterais con universidades dos cinco continentes, aos que se suman os convenios con outras tantas institucións dentro de programas como Erasmus, ISEP de intercambio con Estados

Unidos de América (temos intercambios con máis de 50 universidades norteamericanas), ou a rede International to International de intercambio de ámbito global.

O curso pasado máis de 700 estudantes da nosa universidade participaron en programas de mobilidade e este curso académico preto dun centenar de profesores farán estadias noutros países para participar nas actividades docentes dos nosos parceiros internacionais, duplicando practicamente as cifras do curso anterior. Ademais, todos os anos os nosos investigadores participan activamente nos programas de cooperación educativa e (cooperación) ao desenvolvemento promovidos pola Unión Europea ou a Axencia Española para a Cooperación Internacional ao Desenvolvemento.

Por outra banda, somos os promotores do Campus de Excelencia Internacional “Campus do Mar, que naceu cunha clara vocación internacional e de traballo en rede, e na que toman parte activa un número relevante de institucións académicas de prestixio internacional, así como as universidades portuguesas de Miño, Tras os Montes, Porto, Aveiro e Açores. Como se pode ver, a Universidade de Vigo está totalmente involucrada nesta liña.

- Un día dixos que atopou “unha Universidade á que lle custa suar a camiseta”. Segue a ser así?

Con rotundidade, non. Nesta universidade sempre se traballou arreo, pero a nova coxuntura na que nos atopamos nos obriga a ser aínda máis efectivos e excelentes.

Sen dúbida, a proba máis relevante do esforzo que se está a realizar é o Campus de Excelencia Internacional “Campus do Mar”, un proxecto compartido que amosa unha gran singularidade estratéxica para o país e tamén no ámbito internacional.

Pero máis alá do fito que para a nosa Universidade supuxo a consecución dun campus de excelencia, ou mesmo o lanzamento do satélite XaTcobeo, o primeiro CubeSat 1U dunha institución académica europea que se constrúe con estándares da Axencia Espacial Europea, feitos como a captación en 2011 de máis de 23 millóns de euros procedentes da I+D ou a aprobación dunha normativa que regula os contratos-programa coas escolas e facultades e que será efectivo a partir de 2013, evidencian o esforzo que esta universidade está a facer para dar resposta ao

A Universidade non pode permanecer allea ao fenómeno das migracións ”



- Que imaxe ten Vigo da súa Universidade?

Somos unha institución nova, nunha cidade extraordinariamente dinámica na que aínda se botan en falta elementos cos que a sociedade se sinta verdadeiramente identificada.

Estar nun campus que se atopa lonxe do centro da cidade non contribúe a que a os vigueses e viguesas nos perciban como unha parte da urbe, pero unicamente se trata dunha cuestión xeográfica. Creo firmemente que a sociedade viguesa, máis alá da evidencia de ter unha universidade, sabe das nosas achegas e da nosa firme aposta pola excelencia na formación e na investigación e tamén do noso compromiso coas iniciativas en beneficio da cidade.

- Asumiu unha grande responsabilidade ao ser reitor e liderar un proxecto de miles de estudantes e traballadores. Que se sinte ao estar nunha situación así?

Privilexiado e responsabilizado por ter a oportunidade de participar nunha aventura apaixonante como é a de contribuír ao desenvolvemento desta universidade. Tras ocupar postos de responsabilidade na universidade, onde fun decano, director de departamento e vicerreitor de Investigación, e posteriormente na administración autonómica, como director xeral de I+D+i da Xunta de Galicia, regresar á vida académica como reitor foi unha honra e tamén unha gran responsabilidade na que me acompaña un gran equipo de goberno.

Aínda non se cumpriron dous anos de mandato e considero que se teñen feito moitas cousas importantes e iniciado outras que

confío que darán os seus froitos co paso dos meses. Vontade, ideas e os profesionais máis cualificados para levalas a cabo non nos faltan.

- Que universidade quere deixar cando remate o seu mandato?

No horizonte de 2014 a Universidade de Vigo debe ser percibida como unha institución dotada dun sistema eficaz de dirección que favoreza a consecución de obxectivos comúns mediante a implicación de toda a comunidade universitaria.

Aspiramos a consolidarnos como un referente nacional e internacional en investigación e transferencia que nos permita incrementar a nosa autonomía financeira, así como dispor dunha oferta académica que dea resposta á demanda social .

Reforzar a internacionalización, mellorar a xestión dos recursos para acadar a estabilidade e eficiencia financeira e consolidar o noso compromiso coa sociedade, a lingua e a cultura de Galicia son outros retos que agardo que a institución sexa quen de acadar nos próximos anos.

EXPERIENCIA INVESTIGADORA (TESE DOUTORAL)

Os medios na práctica docente do especialista en Educación Musical en Galicia

Directora: Dra. Beatriz Cebreiro López
Doutoranda: Carol Gillanders

O ensino da música nas escolas primarias percorreu un longo camiño dende a súa incorporación no currículo escolar no século XIX a través do canto. Durante o século XX incluíronse novos materiais e procedementos pedagóxicos que permitiron dotalo de diferentes perfís. Finalmente, nos últimos anos destaca a inclusión dos medios informáticos e tecnolóxicos, así como software musical e o acceso a diferentes prácticas e recursos dispoñibles na rede.

No ano 2004 comezamos a fundamentación da investigación que finalmente levamos a cabo sobre a presenza dos medios impresos, audiovisuais, informáticos e doutras tecnoloxías na práctica docente dos mestres de música en Galicia, o uso que realizaban destes e as súas necesidades de formación. A nosa intención básica era detectar cales son as problemáticas actuais con respecto aos medios e a súa relación coa formación do profesorado co fin de melloralas.

A INVESTIGACIÓN EMPÍRICA

As tres dimensións que estruturaron o traballo son:

- Presenza de medios na clase de música nos centros de educación primaria galegos
- Utilización dos medios
- Formación no uso de medios

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Os datos obtivéronse mediante un cuestionario enviado a 400 centros de educación primaria de Galicia, complementado coa realización de 15 entrevistas persoais.

O cuestionario fora previamente validado por un grupo de expertos e un estudo piloto ou pretest. Dos 115 cuestionarios obtidos realizouse unha análise cuantitativa de tipo estatístico descriptivo utilizando o programa estatístico SPSS 15.0. As entrevistas foron transcritas e analizadas utilizando o software MAXqda 2007.

PRINCIPAIS ACHADOS CON RELACIÓN Á PRESENZA DE MEDIOS NOS CENTROS DE EDUCACIÓN PRIMARIA GALEGA

Respecto da dotación xeral de medios audiovisuais, equipos informáticos e outras tecnoloxías nos centros, o 68,1% dos mestres sinala que existe un volume axeitado de medios nos centros. Consideramos este dato satisfactorio, dado que os medios e materiais facilitan a interiorización dos diferentes elementos da música, a aprendizaxe da linguaxe musical e a práctica musical. En concreto, os medios audiovisuais permítenos achegarnos a diferentes experiencias musicais e mediante os informáticos e tecnolóxicos podemos conectarnos con outros campos de aprendizaxe que actúan como factor motivador e facilitannos recursos múltiples.

Destaca a presenza case total de CDs, DVDs ou películas de vídeo, CD-Roms, DVDs interactivos e medios impresos.

G.I. 1438 TEC_EDUC

Beatriz Cebreiro López (Dir.)

María Carmen Fernández Morante

Josefa del Carmen Fernández de la Iglesia

María del Carmen Vázquez Alemán

Carol Gillanders

María de los Ángeles López de la Calle Sampedro

Martín Lerános Iglesias



<http://www.ratcliffarch.com/projects/ExpATCamp>

UTILIZACIÓN DE MEDIOS NA CLASE DE MÚSICA NOS CENTROS DE EDUCACIÓN PRIMARIA EN GALICIA

O 20% dos mestres afirma que nunca utiliza libros de texto, mentres que o 11% os utiliza sempre. A maioría, un 65%, utilízalos entre bastante e ás veces con carácter de 'guía'.

Maior é aínda o número de mestres -case o 85%- que utiliza outros medios impresos bastante ou ás veces, como poden ser fichas, cadernos de música, cartolinas...

Os fins cos que se utilizan os medios impresos mencionados pola maioría de mestres son para cantar ou tocar as pezas e cancións que conteñen, para completar as fichas escritas que inclúen, para realizar as actividades propostas e para explicar conceptos ou presentar un tema. A metade dos mestres valora que utiliza os libros de texto para controlar o currículo establecido e para facilitar o recordo da información.

A maioría dos mestres de música utiliza tres ou máis cancioneros para seleccionar o seu repertorio, sendo estes de orixe pedagóxica, popular, recompilatorio universal ou de músicas pop. A este respecto é de resaltar a elaboración de cancioneros personalizados polos profesores.

Os mestres utilizan os medios audiovisuais bastante ou ás veces nun 75%, sendo un 15% os que afirman utilízalos sempre. Aquí vemos unha correspondencia co feito de que o 90% dos enquisados utilizan música gravada.

As finalidades da utilización dos medios audiovisuais son principalmente reforzar o adestramento auditivo dos alumnos, captar a súa atención e motivalos (32% de enquisados).

O 66,4% dos mestres utiliza os medios informáticos bastante ou ás veces, mentres que un 10% de mestres nunca os utiliza. O 56% emprega outros medios tecnolóxicos. Chama a atención que a inclusión de materiais e software relacionados coa informática musical é menor que no caso dos materiais en soporte audiovisual. A metade dos mestres de música manexan software de notación musical, mentres que en menor medida se utilizan elementos MIDI e programas de aprendizaxe asistida por ordenador. Ao mesmo tempo, púxose en evidencia o desexo de varios mestres de familiarizarse co uso dos ordenadores, o software musical e a pizarra dixital.

Entre os usos que fan os mestres de música dos ordenadores, que alcanza preto do 25%, destaca a posibilidade de conectar os estudantes coas tecnoloxías da cultura actual, o acceso a máis información, a actualización do seu propio coñecemento destes, a facilitación da auto-aprendizaxe e a individualización do ensino, a edición de partituras e a motivación dos alumnos. É importante mencionar que a metade dos mestres de música crea materiais propios: láminas, musicogramas, franelogramas, fichas, cotidiáfonos, contos musicados...

FORMACIÓN DOS MESTRES DE MÚSICA NO USO DOS MEDIOS

A maioría dos mestres de música valora a súa formación xeral como suficiente nos dominios técnico-instrumental e didáctico-educativo dos medios audiovisuais. Ao mesmo tempo no dominio do deseño/producción manifestan carencias formativas. O mesmo sucede no caso dos medios informáticos e doutras tecnoloxías onde a maioría dos mestres de música considera estar formado, exceptuando o dominio do deseño/producción. Isto pon de manifesto a necesidade dunha maior formación no campo do deseño e produción de medios audiovisuais e informáticos.



http://www.educa.madrid.org/web/cp_juandelacierva_fuenlabrada/aulamusica.htm

Os mestres de música cren que a formación en medios lles permite desenvolver a clase con normalidade sen perder tempo en explorar as formas de funcionamento dos diferentes medios, estar ao día, incorporar os avances tecnolóxicos na aula e utilizar as TICs tanto o profesorado coma o alumnado.

A pesar da importancia da formación neste campo, a gran maioría seguiu un proceso auto-didacta, aínda que non de forma exclusiva. En xeral, os docentes manifestan un grande interese por actualizarse e formarse nos dominios pouco desenvolvidos da súa práctica profesional.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

A investigación pedagóxica no campo musical comezou a afianzarse nos últimos anos creando novos camiños e posibilidades. Este estudo permitiunos coñecer como valoran os mestres a dotación xeral dos centros que na maioría dos casos consideran axeitado. Tamén se puxo de manifesto a percepción que os mestres teñen da utilización deses medios na súa práctica. Os docentes utilizan todo tipo de medios.

Só a metade do profesorado utiliza os medios tecnolóxicos; sendo maior a utilización dos medios audiovisuais e, na maioría dos casos, os libros de texto e medios informáticos. A formación nos dominios técnico-instrumental e didáctico-educativo considérase axeitada, mentres que no dominio do deseño e produción a maioría de mestres valora que está pouco ou nada formado. Cremos que son necesarias accións encamiñadas a solucionar estas necesidades de formación mediante cursos específicos e a súa atención nos novos graos.

Ademais de promover unha mellor comprensión da realidade galega con respecto ao tema de estudo, tamén se buscou a consolidación dunha liña de investigación específica na área da educación musical.

Este traballo non tería sido posible sen a colaboración de todos os mestres participantes que nos brindaron as súas opinións, experiencias e coñecemento da práctica docente da música en Galicia. A todos eles, o noso máis sincero agradecemento.

EXPERIENCIA EDUCATIVA

PROXECTO ARCE: “Abriendo puertas, acercando distancias” (Nuestras raíces)

Colexio Rural Agrupado (CRA) “Mestra Clara Torres” de Tui

CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO EDUCATIVO

O Colexio Rural Agrupado (CRA) “Mestra Clara Torres” está situado no Concello de Tui (Pontevedra).

É un centro público resultante da agrupación de 9 escolas unitarias, polo que a súa principal identidade e peculiaridade é a de ter as aulas dispersas por todo o concello. Ten 12 aulas nas 9 aldeas cun total de 140 alumnos no curso 2011-2012.

Ten alumnado inmigrante de Marrocos, Portugal e Arxentina, e tamén escolariza alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Debido á dispersión xeográfica, a itinerancia do profesorado é un sinal de identidade que marca o labor educativo tanto a nivel administrativo como pedagóxico.

No centro traballan 26 profesores de distintas especialidades (Infantil, AL, PT, apoio...).

O obxectivo para constituírse como CRA, xa no curso 1999-2000, foi elevar a calidade do ensino das comunidades rurais, así como contribuír á revitalización socio-económica e cultural das mesmas a través da elaboración e aplicación coordinada de proxectos educativos que permitan a integración das aprendizaxes nas contornas respectivas.

Neste contexto inténtase conseguir o gran reto da educación do século XXI: lograr un alumnado competente, seres humanos críticos, responsables, autónomos, con coñecemento e respecto ao medio onde viven e con múltiples habilidades para unha cidadanía activa e para o desenvolvemento e promoción da cultura e a arte en xeral.

Todo o anterior non será posible se non modificamos o paradigma educacional e o Proxecto ARCE: “*Abriendo puertas y acercando distancias*” permite achegarse a este reto e alcanzar os obxectivos pretendidos.

No programa participan os seguintes centros: EEI *A Julianita* de Aracena de Huelva, CEIP Cuermeja da Aldea de Gran Canaria, o CRA A Coroña de Nava de Asturias e o CRA Mestra Clara Torres de Tui en Pontevedra.

No curso 2011/12 mantivéronse dúas reunións de traballo do profesorado, unha en Aracena (Huelva) e outra en Tui (Pontevedra). Mentres que en 2012/2013 os encontros de profesorado e alumnado serán en Nava (Asturias) e A Aldea (Canarias).

OBXECTIVOS

Neste contexto, os obxectivos da experiencia foron os seguintes:

- Animar e favorecer o traballo por proxectos, propiciando a colaboración mutua familia/ escola /cidadanía na labor docente.

- Promover a innovación educativa a través do traballo por proxectos desde unha perspectiva global, interdisciplinar e multicontextual como paso previo no desenvolvemento das competencias básicas a partir do patrimonio natural, social, cultural e inmaterial, tendo as TIC como recurso dinamizador.

- Fomentar a cooperación e formación intercentros

- Propiciar o desenvolvemento das competencias cultural-artística e social-cidadá.

- Dinamizar a investigación, o aprender a aprender, a iniciativa persoal e a autonomía do alumnado.

G.I. DE3 GIES

Margarita Pino Juste (Dir)

Águeda Gutiérrez Sánchez

Jorge Genaro Soto Carballo

Myriam Albariñas Villaverde



<http://medioambiente-ecologia.blogspot.com.es/2008/05/ecologistas.html>

-Implicar a diferentes entidades e asociacións da contorna no desenvolvemento do Proxecto ao obxecto de fomentar a cooperación, o coñecemento e a corresponsabilidade.

- Animar e consolidar dinámicas educativas innovadoras emprendidas polos claustros dos nosos centros.

- Favorecer o coñecemento mutuo entre todos os membros das distintas comunidades educativas e propiciar a sensibilización e o compromiso da cidadanía e institucións.

- Ensinar o valor e importancia do patrimonio social, cultural, natural e inmaterial.

- Valorar a importancia da convivencia e interacción entre todos e promover o respecto e coñecemento doutras realidades, culturas, costumes...

- Dinamizar o deseño e a creación de recursos educativos.

CONTIDOS

Os bloques temáticos dos que se parte para o desenvolvemento do proxecto son:

- A nosa historia social e xeográfica (localidades, núcleos rurais, tipos de poboación, oficios...)

- A nosa gastronomía (produtos e pratos típicos naturais e elaborados)

- O noso patrimonio cultural (escultura, pintura, arquitectura)

- O noso patrimonio social e natural (flora, fauna, recursos

económicos da zona, oficios tradicionais...)

- O noso patrimonio inmaterial (festas populares e tradicionais, lendas, retahílas, adiviñas, instrumentos musicais e danzas...)

Deste xeito, con estes bloques, desenvólvense habilidades como:

- Coñecerse e valorarse.

- Saber comunicarse en contextos diversos.

- Expresar ideas e escoitar as alleas.

- Desenvolver a capacidade empática.

- Comprender e respectar outras realidades socioculturais.

- Traballo en cooperación.

- Goce por interaccionarse cos demais.

Todo o anterior permitirá a consecución do desenvolvemento da competencia social e cidadá e Da competencia cultural e artística xa que se deseñarán situacións de aprendizaxe que supoñan coñecer, comprender, apreciar e valorar diferentes manifestacións culturais e artísticas como fonte de crecemento, enriquecemento e gozo e que as consideren parte do seu patrimonio persoal. Búscase así desenvolver nos nenos unha actitude respectuosa e crítica ante calquera manifestación e o interese por participar na vida cultural, contribuíndo na conservación do patrimonio.

CURSO 2011/2012

ALUMNADO

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
